

## **EXTRACTO DOS ACORDOS ADOPTADOS POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL NA SESIÓN CELEBRADA O DÍA 10 DE MAIO DE 2023.**

A Xunta de Goberno Local celebra sesión ordinaria, en primeira convocatoria, o día dez de maio de dous mil vinte e tres, baixo a presidencia da Excm. Sra. Alcaldesa, D.<sup>a</sup> LARA MÉNDEZ LÓPEZ, e coa asistencia dos Ilmos. e Ilmas. señores e señoras concelleiros e concelleiras: D.<sup>a</sup> MERCEDES PAULA ALVARELLOS FONDO, D. MIGUEL FERNÁNDEZ MÉNDEZ, D.<sup>a</sup> ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, D. RUBÉN ARROXO FERNÁNDEZ, D.<sup>a</sup> TAREIXA ANTÍA FERREIRO TALLÓN e D.<sup>a</sup> MARÍA CRISTINA LÓPEZ FERNÁNDEZ. Actúa como Secretario o Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez, e asisten á sesión o Vicesecretario accidental, don Justo Díaz Rodríguez, e o Interventor Xeral Municipal, don Manuel Vázquez Fernández, os cales foron convocados para o efecto. Adóptanse conforme ós termos da orde do día os seguintes acordos:

### **ÁREA DE GOBERNO DE SOSTIBILIDADE URBANA**

**1. LICENZAS URBANÍSTICAS.-** Acórdase denegar a licenza urbanística para a ampliación de explotación en San Xoán do Campo. (2020/Y001/000290).

Tamén se acorda conceder a licenza urbanística para a construción dun edificio na Ronda da Muralla, número 68 (exp. 87/2019).

Acórdase denegar a licenza urbanística para construción de alpendre para a garda de apeiros e útiles de labranza no lugar de Laxe (exp. 2020/Y001/000311).

Así mesmo, acordase conceder as seguintes licenzas: licenza urbanística para a demolición de centro de transformación en desuso no lugar de Vilamoure-Saa (2022/Y001/000208); a licenza urbanística para a construción de vivenda unifamiliar, na rúa da Torna, número 3 B (exp. 2021/Y001/000182); e a licenza urbanística para a adecuación do portal para baixar o ascensor á cota cero, substitución de ascensor e habilitación dunha nova parada na planta no edificio sito na rúa Andoriñas, número 23 (exp. 2023/Y001/000033).

### **ÁREA DE GOBERNO DE GOBERNANZA: ECONOMÍA E RECURSOS HUMANOS**

## ACTAS E GOBERNO

JDR/arm

Refª: ispac5154179812048836337.doc

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 10-5-2023

**2. PERSOAL.-** Acórdase a atribución temporal de funcións de encargado na Sección de Mercados Locais - Prazas e Mercados a un funcionario municipal.

Tamén se acorda adquirir o compromiso de incorporación dunha praza de operario/a de cemiterio na próxima oferta de emprego público para o ano 2023.

**3. FACENDA LOCAL.-** Acórdase a regularización tributaria exp. denegación licenza urbanística para demolición de edificación tradicional sita no núcleo rural tradicional de Cima de Vila-Tabernas, Toiriz, parroquia de Piúgos.

### ÁREA DE GOBERNO DE COHESIÓN E DINAMIZACIÓN SOCIAL

**4. DESENVOLVEMENTO LOCAL.-** Acórdase a aprobación da participación na “Convocatoria para o programa de mellora da competitividade e de dinamización do patrimonio histórico con uso turístico (2022) no marco do Plan de Recuperación, Transformación e Resiliencia” (Ministerio de Industria, Comercio e Turismo) - código de proxecto: 23mrrxx24102.

**Asinado dixitalmente polo Tenente de Alcaldesa Delegado da Área de Goberno de Cohesión Territorial e Concelleiro Secretario da Xunta de Goberno Local, don Miguel Fernández Méndez.**